

T Á B O A

■ Adro

O Consello Económico e Social
ergue a voz de alarma no agro

O Consello Económico e Social de Galiza (CES) vén de erguer a voz de alarma cun estudo que confirma con datos estatísticos o proceso de desmantelamento ao que se está a someter ao agro galego. As cifras non enganan á hora de falar de desertización, peche de explotacións ou ausencia de relevo xeracional.

Páx. 2 e 3

■ Galiza

Galiza perderá mil millóns coa
redución das primas de vacún

O Ministerio de Agricultura vén de aprobar unha baixada das primas destinadas ao gando vacún (machos e sacrificio) que suporá unha redución global para Galiza de 6.508.360 euros, é dicir, 1.082.899.986 pesetas das de antes.

Páx. 5

■ Aldea global

Francia opta pola represión
sindical e encarcera a José Bové

Ao final, as peores sospeitas confirmáronse. José Bové foi detido na madrugada do 22 de xullo por ter protestado contra os transxénicos e despois de que o Tribunal Supremo rexeitase os recursos que pedían a liberdade sen cargos para o sindicalista galo.

Páx. 10



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

Os ministros europeos deixan a labregos e labregas nas gadoupas da industria



■ Os quince ministros de agricultura da Unión Europea lograron un acordo que porá en marcha da reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC).

■ Foi en Luxemburgo, na madrugada do día 26 de xuño, e tras arduas negociacións con Fischler e coas portas pechadas a labregos e labregas.

■ Para o SLG, única forza galega que participou nas protestas de Madrid do 10 de xuño, a reforma fixará a discriminación que sofre Galiza e agudizará a crise do agro con prezos á baixa e peche máis explotacións.

Editorial e páxs. 8 e 9

¿Necesita legalizar as súas cortes?

¿As súas instalacións agrarias
non teñen licencia urbanística?

**Agora é o momento
de normalizar a súa
explotación**

Máis información na páxina 13 deste periódico ou en
calquera oficina do Sindicato Labrego Galego



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servizos Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Xosé Pérez
Rei, Xosé Ramón Cendán,
Lidia Senra, Xan Pouliquen e
Manuel da Cal

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola de
Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Parque Municipal nº 32, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Calvo Sotelo nº 99, 1º 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
OURENSE
Dtor. Marañón nº10, 2º esq 988 224221
fax: 988 391981
O BARCO
Local AISS Tel. 988 321511
Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Rúa Luís Espada, Galerías Maga
Tlf. 988321511 Fax. 988326723
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982130402
LOURENZÁ
Xosé Antonio nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA
Cidade de Viveiro nº1 ent. A.
Tlf. 982 512431
A ESTRADA
Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA
Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Bar González
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
Rúa Darío Bugallal nº15, 1º
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edif. Rosales.



O Consello Económico e Social ergue a voz de alarma no agro

Un informe advirte dos efectos nefastos da PAC no subsector agrogandeiro e forestal da Galiza

O Consello Económico e Social de Galiza vén de erguer a voz de alarma cun estudio que confirma con datos estatísticos o proceso de desmantelamento ao que se está a someter ao agro galego. O desenvolvemento deste informe


sobre o subsector agrogandeiro e forestal de Galiza contou coa aportación de Manuel Da Cal, do Sindicato Labrego Galego; e de técnicos como Antonio Fernández Oca, Edelmiro López Iglesias ou Gonzalo Flores Calvete.

A primeira cuestión que abordou o informe do SLG para o Consello Económico e Social de Galiza foi o da Política Agraria Común (PAC) e o seu impacto na agricultura e gandería galegas. No documento, o Sindicato Labrego sinala os dous piares nos que se basea a política agraria europea: o descenso dos prezos dos produtos agrogandeiros e o aumento da competitividade; e denuncia o incumprimento doutros como a seguridade e calidade dos alimentos, un nivel de vida equitativo para a comunidade rural, o fomento dunha agricultura sostíbel ou os compromisos medioambientais.

Unha das características desta PAC é que a baixada dos prezos agropecuarios non se compensa suficientemente coas axudas. Na súa análise, o SLG denuncia que isto provoca unha baixada das rendas, o cal obriga a adoptar un sistema de produción intensivo e industrial, pois as explotacións vense na obriga de baixar os custes de produción para manter un nivel de vida digno; unha das consecuencias disto é a profusión de escándalos alimentarios que sufriu a cidadanía nos últimos tempos.

O erro de querer industrializar o agro

Para o SLG, o fracaso da PAC vén, precisamente, de concibir a actividade agrogandeira como un sistema de produción industrial, un grave erro pois "a fonte fundamental da alimentación humana non pode ser equiparábel á fabricación de automóviles ou televisores", sobre todo tendo en conta que "a primordial función destas actividades productivas é a de proporcionar á humanidade alimentos sans, seguros, con valor nutricional e de calidade, polo que nunca deberan ser un



O informe do CES revela, a partir de datos estatísticos e obxectivos, unha situación máis que alarmante para o agro galego

negocio mercantil ao uso".

Outro dos índices que sinala o SLG como factor que demostra o fracaso da PAC é o peche continuo de explotacións -na Galiza, no

Estado ou na Unión Europea-, algo que afecta moito máis a aquelas que seguen un modelo labrego que ás que apostaron por un sistema industrial e intensivo.

Escasa eficacia das axudas

O informe do SLG tamén apunta á escasa efectividade das axudas comunitarias, que "non tiveron repercusión positiva na renda agraria das explotacións galegas", e á discriminación que sofre Galiza no reparto dos fondos europeos con respecto ao Estado Español.

No ano 2000, na Galiza, cobraron as axudas por vacas nutrices 142.157 reses pertencentes a 21.707 explotacións; ese mesmo ano, en Galiza había 221.781 vacas de carne, susceptibles de cobrar a axuda. Isto quere dicir que só cobraron a axuda por este concepto o 50'64% das explotacións e o 64'10% das vacas.

En base a estes datos, o informe que o SLG proporcionou ao CES advirte das graves consecuencias que terá a revisión intermedia da PAC, pois "para establecer as axudas teranse en conta os dereitos históricos, o que pode constituir un auténtico agravio para o agro galego"; o desacoplamento, por outra banda, provocará a deslocalización da produción, incidindo aínda máis no proceso de desertización do medio rural.

A PAC alternativa do SLG

No seu informe, o Sindicato Labrego Galego propón unha Política Agraria Común alternativa. Para o SLG, a actividade agrogandeira non é unha actividade especulativa, pois a súa función é a de subministrar á sociedade alimentos sans, seguros de calidade e valor nutricional.

Ademais, cada área xeográfica mundial debe ter garantida a súa soberanía alimentaria. A exportación non debe ser unha fin en si mesma, sabendo que outras relacións de intercambio son posibles e necesarias.

As producións agrogandeiras deben ter garantidos uns prezos mínimos que cubran os custes de produción e do traballo agrario.

Por outra banda, faise necesario establecer controis de produción. A produción

agroalimentaria debe estar presidida por criterios de eficiencia técnica, económica, medioambiental, e de calidade e seguridade alimentarias. Este control da produción debe estar ligado ao establecemento de prezos mínimos garantidos e de control do dumping (exportar produtos a terceiros países por baixo dos seus custes de produción).

Finalmente, faise necesario un mundo rural vivo. Europa non pode permitir que siga a sangría que supón a desertización do medio rural. Débese deter a continua desaparición de explotacións labregas; pola contra, débense establecer medidas eficaces que favorezan o relevo xeracional, así como a instalación de novos activos agrarios.

Desertización do medio rural e desestructuración do territorio

As cifras estatísticas referentes ao medio rural de Galiza falan dun 15% de poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal.

O medio rural abrangue ao 64'13% dos concellos galegos e o 72'8% do territorio, acollendo ao 30'6% da poboación galega.

Este medio rural caracterízase por un progresivo envellecemento e perda de poboación en beneficio dos núcleos urbanos, así como pola perda de

poboación activa agraria que se reflicte na constante diminución de afiliación ao Réxime Especial da Seguridade Social Agraria.

Todos estes condicionantes están a provocar unha forte desestructuración do territorio galego, xa que a poboación estase a concentrar -principalmente- nos núcleos urbanos, padecendo o medio rural un agudo proceso de desertización que pon en perigo a supervivencia de moitos municipios

de interior.

Por outra banda, a importancia da man de obra feminina, que representa o 54'9% do subsector agrogandeiro e forestal, esixe a eliminación das trabas legais e normativas que impiden que as mulleres sexan titulares de explotacións, e o fomento de axudas concretas que garantan a cotitularidade nas explotacións con titular masculino nas que tamén traballa a muller.



Forestación de leiras e prados, e descenso da superficie agraria útil

En 1999, só o 34'12% da superficie total de Galiza era considerada agraria; pouco, se consideramos que no Estado Español a porcentaxe ascende ao 63'39%. No eido forestal, Galiza si que supera a media, cun 65'88% fronte ao 37'61% do Estado, e o 41'49% da Unión Europea.

Estes datos agrávanse se pensamos que nos últimos cinco anos reduciuse a superficie cultivada e dedicada a prados, incrementándose a dedicada a forestal. As cifras do Programa de

Forestación de Terras Agrarias falan por si mesmas: entre 1996 e 2001 pasaron a ser forestais 54.243 hectáreas de terras consideradas agrarias.

En cifras, na forestación de terras agrarias investíronse, con fondos comunitarios da PAC, 7.699.000 euros en 1995 e 24.415.000 euros en 2000. Isto contrastou co pouco peso concedido ás axudas agroambientais, das que só se beneficiaron 72 explotacións en toda Galiza no ano 1995.

A concentración do sector leiteiro en

menos explotacións e nunhas poucas comarcas, unido a que non están acrecentando a súa base territorial, fai prever nun curto espacio de tempo serios problemas medioambientais.

Outros datos preocupantes son a grande parcelación da propiedade (4'75 parcelas por hectárea e 8'34 parcelas por propietario); ou que a explotación media galega só teña 7'6 hectáreas, das que 2'6 son superficie agraria útil fronte ás 14'7 de media no Estado Español.

Reparto inxusto da cota láctea e peche masivo de explotacións

Un factor que está a marcar ao subsector agrogandeiro na Galiza é o da produción leiteira e coa cota. As explotacións leiteiras galegas -33.041 en 2000- supoñen o 53'3% do Estado Español; nembargantes, teñen asignada unha cota das máis baixas do Estado: o 31'2%. Isto supón unha media de 71.535 quilos, sendo a media no Estado de 122.081 quilos.

De aquí xorde o problema da produción fóra de cota: no ano 2000 pro-

ducíronse en Galiza, aproximadamente, 2.246.573 toneladas de leite, namentres que a cota asignada para a campaña 2002-03 era de 1.868.140, o cal nos dá 378.433 toneladas fóra de cota. Estes datos revelan que as 26.115 explotacións leiteiras galegas produciron unha media 86.026 quilos, cifra que seguiría sendo inferior á media estatal.

Outro dato de enorme transcendencia é o referente ao peche de

explotacións. Entre as campañas 1995-96 e 2002-03, desapareceron o 57'2% das explotacións; traducido en cifras, neses anos pecharon 35.736 granxas, é dicir, unha media de case 6.000 por ano. Este proceso está a levar ao sector leiteiro cara á concentración da produción nunhas poucas explotacións e zonas. Deste xeito, en provincias como Ourense a produción leiteira é residual, reducíndose entre 1995 e 2000 nun 66'14%.



157.176.800 euros de saldo negativo na balanza comercial agropecuaria galega

O balance entre as exportacións e importacións agrarias da Galiza ten un saldo negativo de 157.176.800 euros. Os produtos que máis exportamos son o leite para consumo, os produtos gandeiros, a carne fresca ou refrixerada, os derivados lácteos e os alimentos preparados para animais.

Pola contra, o que máis importamos son produtos agrícolas, carne fresca ou refrixerada, viños e bebidas alcohólicas.

En cifras, temos un balance negativo de 299.002.300 euros na importación de produtos agrícolas, fundamentalmente destinados a alimentación animal; o curioso é que temos un saldo positivo de 127.895.500 euros na exportación de alimentos preparados para animais.

Na exportación de produtos gandeiros temos un saldo positivo de 319.895.600 euros; nembargantes, se engadimos a este apartado a carne

fresca, refrixerada ou conxelada, o saldo tórnase negativo en 150.724.300 euros.

En canto ao leite para consumo, Galiza exporta 335.553.000 euros, importando 26.864.400 euros. Pola contra, exportamos viño e bebidas alcohólicas por valor de 31.905.200 euros, namentres importamos 208.458.800 neste apartado, o que dá un saldo negativo de 176.553.600 euros.

Os montes veciñais en man común amenazados pola Lei de Montes do Estado

A consideración das comunidades de montes veciñais en man común como sociedades mercantís ten provocado conflitos importantes coa Administración Tributaria do Estado ante a imposibilidade de equiparar esta figura específica da realidade galega coa normativa española.

Unha das demandas derivadas desta singular forma de propiedade sería a transferencia plena de competencias para a Xunta de Galiza en todo o rela-

cionado cos montes de man común, ademais da elaboración dunha lexislación propia en relación co sistema de tributación das rendas orixinadas no seo das comunidades de montes.

Ante o proxecto de Lei de Montes elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente, e aprobado recentemente polo Consello de Ministros, o SLG considera preocupante o tratamento ou falla de tratamento específico dado á figura dos montes veciñais, algo que

si figuraba en leis anteriores. Trátase dunha grave omisión xa que, ao tratarse dunha lei básica de obrigado cumprimento, pode significar a desaparición dos montes veciñais en man común, ou a súa privatización.

Por outra banda, esta nova lei fará que as vantaxes da ordenación e xestión profesional só repercuta nos montes de maior dimensión, ficando fóra a maior parte da propiedade forestal galega de particulares.



editorial

A reforma da Política Agraria Común aprobada en xullo: un escándalo

O desacoplamento das axudas directas en base a referencia histórica que propón a nova Política Agraria Común (PAC), xunto coa baixada dos prezos, vai crear maior discriminación entre territorios e profesionais da agricultura, amais de acelerar a desapari-

ción de labregos e labregas. Neste marco, Galiza será especialmente discriminada. Por outra banda, dende a perspectiva das negociacións na Organización Mundial do Comercio (OMC), a Unión Europea está a vender a agricultura para favorecer a outros sectores.

A reforma da Política Agraria Común (PAC) non vai solucionar ningún problema dos que están a padecer as labregas e labregos de Europa. Pola contra, vai impor medidas como o desacoplamento, ou manter prácticas como a baixada dos prezos agrarios, a cambio de realizar certas concesións particulares aos estados, o que suporá o inicio dunha renacionalización da política agraria europea.

Os 25 estados que van formar parte da Unión Europea, trala adhesión recente de dez países do leste, van contar co mesmo orzamento agrario que había ata o de agora para os quince estados membros. Ante isto, vaise tomar a decisión de reducir drasticamente a regulación dos mercados, o que significa desmantelar a rede mínima de seguridade que existía ata agora en canto á comercialización das producións e aos prezos. En definitiva, o orzamento destinado ao capítulo agrario vai sufrir unha forte redución, pero os de sempre -grandes industrias agrarias, distribución, empresas exportadoras e importadoras, e terratenentes- van seguir conservando os seus beneficios.

“Os 25 estados que van formar parte da Unión Europea, trala adhesión recente de dez países do leste, van contar co mesmo orzamento agrario que había ata o de agora para os quince estados membros”.

A Comisión Europea xustificou a necesidade do desacoplamento -desvincular as axudas da produción- para poder utilizalo como moeda de cambio nas negociacións da Organización Mundial do Comercio (OMC). Deste xeito, pretende forzar con esta escusa aos países mais pobres, ou en vías de desenvolvemento, a abrir os seus mercados a todo tipo de produtos, servizos e investimentos, o que creará máis dependencia económica e fame nestes países, e incrementará os beneficios para as

grandes industrias norteamericanas e europeas.

Nesta reforma tampouco se corrixe en absoluto a gran discriminación no reparto de fondos públicos entre explotacións, territorios e sectores. Pola contra, a referencia histórica elixida para establecer a contía dos pagos directos desacoplados vai a aumentar as desigualdades, xa que permitirá as macroexplotacións cobrar centos de miles de euros sen producir nada. E todo isto cando a actual PAC produce situacións tan inxustas coma o feito de que un 6% de receptores estean acaparando case o 50% das axudas. Coa nova PAC, os prexudicados serán os labregos e labregas; namentres que os grandes beneficiarios serán os grandes propietarios de terras, como a Casa Real Inglesa; a Duquesa de Alba; Mario Conde; ou a familia do actual Ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete. Con esta reforma, toda esta xente está de festa. Se na anterior proposta para a reforma intermedia da PAC a Comisión modulaba un recorte nas axudas do 19% para os que recibían máis de 50.000 euros, a política agraria aprobada só recorta un 5%. En canto ao tope de axudas previsto de 300.000 euros por explotación que contemplaba o borrador inicial, ao final se quedou en nada.

Os graves problemas ambientais que xerou a PAC nas zonas e explotacións superintensivas e industriais non van resolverse con esta reforma, senón que seguirán aumentando; pola contra, o que si nos van regalar é máis burocracia e indefensión na certificación, que non terá nada ver coa comprobación medioambiental.

As axudas acopladas ou desacopladas poden resultar boas ou malas para o medio ambiente; o problema da conservación da natureza ten que ver máis co modelo de produción que quere impor esta PAC, que é o modelo industrial e intensivo, unha forma de producir que resulta nociva e insostible para o medio ambiente e a humanidade, mais que lles pese aos comisarios e ministros. É tarde, pero non lles quedará máis remedio que recoñecer

que o modelo de produción labrego ten que estar no centro da política agraria para que esta sexa sostible.

“Os grandes beneficiarios serán os grandes propietarios de terras, como a Casa Real Inglesa; a Duquesa de Alba; Mario Conde; ou a familia do actual Ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete. Con esta reforma, toda esta xente está de festa”.

É evidente que a Unión europea deulle prioridade nesta reforma á industria agroalimentaria, á gran distribución e ás empresas importadoras e exportadoras, potenciando un mercado no que seguirá a ter un papel fundamental o *dumping* (práctica consistente en exportar produtos a outros países con prezos por baixo dos custos de produción, en orixe e en destino, gracias ás subvencións e axudas do Estado), prexudicando gravemente á cidadanía europea, tanto no seu papel de consumidora, como tamén no de contribuínte, pois estará subvencionando cos seus impostos unha política agraria nefasta para os labregos e labregas e a conservación do medio ambiente, xa que se incrementarán os abandonos da actividade agraria por falta de rendibilidade, coa conseguinte desertización do medio rural, e se obrigará ás explotacións a intensificar a produción para rabuñar algún beneficio.

Como xa se comentou anteriormente, a posibilidade de que os estados e rexións, en conxunto ou pola súa conta, aumenten as subvencións ata un 10%; así como a obriga de que cada país cofinancie o desenvolvemento rural e outras liñas do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), vai supor un avance na renacionalización en detrimento dunha política agraria única, coas conseguíntes vantaxes para os territorios máis ricos, e desvantaxes para os desfavorecidos.

Unha reforma catastrófica para a gandería e agricultura da Galiza

Para Galiza, esta reforma resultará catastrófica: o desmantelamento da intervención e baixada de prezos deixa sen o mínimo soporte ás explotacións; as referencias históricas de primas van ser míseras, e haberá unha clara dependencia das empresas foráneas para poder vender as nosas producións.

En clave interna, en Galiza seguen sen existir mecanismos para facilitar o acceso ás terras agrícolas; nin sequera temos unha política agraria propia e non existe o diálogo co sector. Temos, en definitiva, unha situación peor da que merecemos.

A Consellería de Política Agroalimentaria e o Ministerio de Agricultura non tiveron ningún tipo de encontro nin de postura concertada coas organizacións agrarias para defender os intereses galegos diante destes cambios.

O Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, limitábase a dicir, moitas veces e sen saber do que está falando, que todo está moi ben, incluíndo a nova reforma da PAC.

Mesmo asegura Diz Guedes de que a baixada de prezos no leite en 0.075 euros por quilo, con só 0,035 euros de subvención por unha parte da cota, é un grande logro; nótase que ao conselleiro non lle importa que labregos e labregas perdamos parte da renda.

A política agraria galega ten que cambiar e, senón, deberían dimitir os seus responsables, pois o sector agropecuario non pode seguir pagando tanto despropósito e discriminación.

Galiza perderá máis de mil millóns pola redución das primas de vacún

O SLG pide que as explotacións galegas sexan eximidas desta penalización por estar discriminadas

Por se xa fosen poucos os paos que está a recibir a gandería galega -vacas tolas, discriminación nas axudas, crise nos prezos do leite- agora o Ministerio de Agricultura vén de

aprobar unha redución das primas destinadas ao gando vacún que suporán unha redución global para Galiza de 6.508.360 euros, é dicir, 1.082.899.986 pesetas das de antes.

Para o SLG esta redución agrava aínda máis a situación crítica da gandería galega, polo que pediu ao Ministerio de Agricultura que exima a Galiza desta penalización.

O Ministerio de Agricultura vén de facer pública unha orde, aprobada o pasado 6 de xuño, na que se establecen reducións para as primas destinadas ao gando vacún. En concreto, márcanse coeficientes de redución do 0'58465333 para as axudas por vacún macho, e do 0'87930288 para as axudas por sacrificio. Aplicando ditos coeficientes, as primas por machos pasarían dos 210 euros por res actuais, a 122'77 euros; e as destinadas a sacrificio baixarían de 80 euros a 70'34.

Trasladando estas cifras á cabana gandeira galega, atopámonos con que os 57.045 vacúns machos subvencionables deixarían de percibir 4.975.637 euros; namentres que os 158.666 animais que teñen dereito á prima de sacrificio verían baixar as subvencións en 1.532.723 euros. En total, o sector do vacún galego



O sector do vacún para carne sufrirá un novo pao coa redución das axudas imposta polo ministerio

perdería con esta redución 6.508.360 euros (1.082.899.986 pesetas).

Por outra banda, os labregos e labregas de Galiza que se dedican á produción de vacún de carne están discriminados con respecto a

outros territorios do Estado e da Unión Europea, xa que a condición para poder acceder a estas primas non se adapta á realidade de Galiza. As axudas, no caso do sacrificio, non inclúen animais de sete e oito meses de

idade, e as destinadas para o vacún macho benefician só aos becerros a partir dos nove; cando en Galiza, polo tipo de carne que se consume, os becerros véndense, fundamentalmente, con sete e oito meses.

Unha mingua nos ingresos que agudizaría a crise das zonas desfavorecidas

Ante esta situación, o Sindicato Labrego Galego demandou do Ministerio de Agricultura a non aplicación do coeficiente reductor nas explotacións labregas de Galiza.

A exención proposta polo SLG, en caso de aplicarse en Galiza, podería contribuir a que non se sigan pechando explotacións no medio rural.

Esta medida faise especialmente necesaria se temos en conta que o meirande das explotacións de vacún para carne se atopan, normalmente, en zonas desfavorecidas e de montaña que están a sufrir un grave proceso de desertización e despoboamento.

O Ministerio de Agricultura quiere facer dos arrendamentos rústicos unha terra sen lei

O Sindicato Labrego ergueu a voz de alarma ante o anteproxecto da Lei de Arrendamentos Rústicos que fixo público recentemente o Ministerio de Agricultura.

Este anteproxecto presenta importantes modificacións con respecto ao regulamento actual que rexe os arrendamentos de fincas e propiedades rústicas e suporía, en caso de que acadase rango de lei, unha auténtica liberalización da terra, que quedaría a disposición dos máis fortes.

De feito, dos 135 artigos que ten a actual lei, pasaríase só a 35, sometendo este eido da

lexislación a un desregulamento total e xerando unha situación de clara inseguridade.

Para impor este cambio, o anteproxecto introduce importantes cambios, como o establecemento dunha duración mínima de tres anos de arrendamento, en troques dos cinco anos ata o de agora vixentes; permitir que sexan arrendatarias persoas que non son profesionais da agricultura; ou suprimir os límites establecidos que impedían arrendar terras a titulares de explotacións que superasen as 500 hectáreas de sécano ou as 50 de re-

gadío.

Outra das modificacións a ter en conta é a eliminación das xuntas arbitrais que tiñan a función de interceder nas cuestións que puidesen suscitarse entre as partes contratantes; no borrador presentado fálase de que poderá dirimir "un terceiro".

Para a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), este borrador supón unha prebenda dos arrendadores fronte aos arrendatarios, quedando estes últimos nunha situación de preocupante desprotección.

COAG denuncia, entre ou-

tros puntos, que o anteproxecto elimina a orientación profesional dos arrendamentos, aposta polas grandes explotacións, avoga por figuras societarias en detrimento da explotación familiar, elimina a preferencia de acceso á propiedade e reduce a duración do contrato, o que dificulta a estabilidade das explotacións.

Para os equipos xurídicos do SLG, estes contidos son suficientes como para pedir a retirada completa do anteproxecto.

Entre as reivindicacións sindicais en relación a este anteproxecto defendidas por

COAG e polo Sindicato Labrego, pídese que a nova lei que se aprobe manteña o requisito do arrendatario como profesional da agricultura; que non desapareza o límite cuantitativo do arrendamento, coa fin de evitar a acumulación de terra en mans dunha mesma persoa arrendataria; que se manteña a actual duración dos contratos e as súas prórrogas para manter a finca, conservala e realizar os investimentos necesarios, garantindo a amortización das mesmas; ou que os dereitos de tanteo, retracto e adquisición preferente non sexan suprimidos.

O SLG pide a Loyola de Palacio que rexeite a Medalla de Galiza

A ex ministra de Agricultura tomou entre 1996 e 1999 decisións nefastas para o agro galego

O Sindicato Labrego Galego manifestou a súa postura crítica diante da polémica concesión da Medalla de Ouro de Galiza á actual Comisaria Europea de Transportes e Enerxía, Loyola de Palacio, que entre 1996 e 1999

foi Ministra de Agricultura co PP, realizando actuacións durante este período que foron enormemente lesivas para a agricultura e gandería galegas. O SLG pediulle que teña a dignidade de non aceptar o galardón.

De Loyola de Palacio cómpre lembrar actuacións vergoñentas como aquela do 16 de outubro de 1997 na que afirmou, diante da Mesa do Leite, que non dispoñía dos datos referentes á campaña 96-97 e que a supertaxa, en caso de habela, sería mínima.

Unha semana despois, a opinión pública descubría, a través da prensa, que o Estado Español estaba obrigado a pagar unha multa de 3.690 millóns de pesetas; por se fose pouco, Bruxelas impoñía, a maiores, outra multa por presentar estes datos tan incómodos para o PP fóra de prazo.

Diante desta situación, o Sindicato Labrego Galego esixía, daquela, a dimisión da ministra pola ocultación interesada dunha información que era de vital importancia para o sector.

Marxinación da gandería galega

Ademais, Loyola de Palacio foi a ministra á que lle tocou negociar a reforma da Política Agraria Común

(PAC) na Axenda 2000. Nesa ocasión, negouse a tratar o problema do vacún como unha cuestión de Estado e aceptou unha reforma moi negativa para este sector na Galiza. Os resultados concretos traducíronse na imposición da supertaxa a gandeiros e gandeiras; deixando sen resolver, por riba, o problema grave de falta de cota que tiñan moitas explotacións galegas. Ademais, De Palacio mantivo a discriminación das subvencións por vacas nutrices e vacúns macho existente entre Galiza e outros territorios da Unión Europea e do Estado Español.

Todo isto contrastou fortemente coas promesas textuais que fixo antes desas negociacións o presidente da Xunta, Manuel Fraga, a quen non lle importou enganar aos labregos e labregas de Galiza asegurándolles que non habería multa e que acadarían en Bruxelas un aumento na cota do leite de 1.000.000 de toneladas. O tempo confirmou a falsidade contida nas palabras do xefe do executivo galego.



Biblioteca Audiovisual da Unión Europea

As decisións de Loyola de Palacio cando era Ministra de Agricultura teñen prexudicado moito ao agro da Galiza

Rexeitamento por dignidade

Por todo isto, o Sindicato Labrego Galego foi tallante á hora de pedir publicamente que, se aínda lle queda algo de dignidade a Loyola de Palacio, se negue a aceptar a Medalla de Ouro de Galiza, un honor que non merece despois das súas decisións nefastas para o agro galego. Máis ben, debería aproveitar a ocasión para pedir perdón publicamente despois de ter contribuído a desmantelar un dos sectores económicos que máis futuro e potencialidade tiñan en Galiza.

Diz Guedes
retoma as
negociacións do
leite tralas
protestas de abril

A Consellería de Política Agroalimentaria organizou, o pasado 30 de xuño, un novo encontro entre as organizacións sindicais agrarias, as industrias, e o sector produtor. O Sindicato Labrego estivo representado pola súa secretaria xeral, Lidia Senra. O motivo da reunión foi presentar un documento base, elaborado pola consellería, que será o punto de partida para negociar.

Agora hai un prazo dun mes para que as diversas partes sentadas na mesa de negociación presenten as súas propostas e alegacións. O SLG está estudando o documento para poder melloralo no posíbel. En declaracións de Lidia Senra, o sindicato traballará para aportar as súas propostas e agardará para ver o rumbo que toman estas negociacións. Iso si, aclarou a secretaria xeral, o SLG parte dende a base de que as negociacións teñen que abordar como temas inaprazábeis solucións definitivas ante a caída constante de prezos e ante a problemática xerada pola cota láctea asignada a Galiza.

Senra lamentou o atraso con que chega esta iniciativa, pois "hai moitos anos que debería terse posto sobre a mesa, xa que para moitas explotacións xa é demasiado tarde".

Ovica promove a primeira comercializadora galega de produtos de ovino e cabrún

A Organización de Ovino e Caprino de Galiza (Ovica) participou por primeira vez cun stand no marco da Feira Internacional da Semana Verde de Galiza, en Silleda. No transcurso da feira, un equipo de profesionais contratados por Ovica realizou unha exhibición de rapa polo método australiano.

Este equipo de rapadores de nacionalidade polaca ficará en Galiza durante catro meses, e raparan un total de 40.000 ovellas durante a súa estancia.

Outra das actividades desenvolvidas por Ovica na

Semana Verde foi a presentación pública da cooperativa de comercialización Coviga.

A nova entidade está integrada por 35 socios de Ovica e supón o primeiro proxecto cooperativo, a nivel de toda Galiza, de comercialización de produtos relacionados co sector ovino e cabrún.

Por outra banda, o 28 e o 29 de xuño, Ovica participou na Feira de Gando Autóctono de Castela e León, en Zamora, con cinco ovellas de raza Latxa, e catro cabuxas Cachemir.



Os rapadores polacos contratados por Ovica exhibiron a súa destreza na Semana Verde de Silleda

O SLG pide diálogo tras un ano de funcionamento das cámaras

Política Agroalimentaria incumpre a lei ao non posibilitar o desenvolvemento competencial destes órganos

Pasou un ano dende que houbo eleccións a cámaras agrarias e estas se constituiron coa finalidade de servir como órganos consultivos en calquera cuestión referente ás actividades agrogandeiras e ao medio rural. Tras este

período inicial de funcionamento, o Sindicato Labrego Galego ten que denunciar que a penas lles foron solicitados informes ás cámaras sobre a lexislación que afectou directamente aos labregos e labregas de Galiza.

O pasado 14 de xuño de 2003 constituíronse as cámaras agrarias galegas. Dende aquela, tiveron que aturar a actitude prepotente do conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, que non se mostrou disposto en ningún intre nin a realizar procesos de consulta, nin a dialogar coas organizacións agrarias máis representativas.

Con esta actitude, Diz Guedes chegou a vulnerar a lei. Por exemplo, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) está obrigado a contar cun comité asesor con catro representantes das organizacións agrarias máis representativas na súa composición; nembargantes, o FOGGA esqueceuse totalmente deste particular. Unha situación semellante produciuse coa Axencia



Diz Guedes a penas se reuniu cos representantes das cámaras agrarias dende a constitución destas

Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), que a pesar de ter constituído o comité asesor, a penas o convoca para nada.

Trala celebración das eleccións a cámaras, e unha vez establecida a representatividade de cada organización agraria, a Consellería carece

de xustificación para non ofrecerlles a estas últimas as canles de participación e diálogo establecidas pola lexislación vixente.

Un Consello Agrario Galego para substituír ás cámaras agrarias

Para o Sindicato Labrego Galego -e diante desta situación insostible e do anacronismo manifestado polas cámaras agrarias, que en pleno século XXI se están a manifestar obsoletas-, o normal sería que ditas institucións desaparecesen para dar paso á constitución dun organismo acorde aos tempos actuais.

Esta institución debería ser o Consello Agrario Galego, que tería o carácter dun foro permanente de diálogo, consulta e negociación entre os sindicatos agrarios e a Administración.

Aínda que o Sindicato Labrego Galego vai defender e reivindicar este obxectivo, namentres sigan existindo as cámaras agrarias comprométese a traballar para que estas podan chegar a ser, realmente, un órgano consultivo da Administración, e para que lles sexan dados os medios necesarios para funcionar como tal dun xeito óptimo.

Pilar Guimarei, membro da Comisión Executiva do Sindicato Labrego Galego e gandeira

“Debe establecerse un prezo mínimo que impida ás fábricas facer o que lles pete con nós”

Pilar Guimarei vive en Cuntis (Pontevedra) e rexenta unha explotación de leite con 18 vacas e 55.000 litros de cota. O seu pai xa estivo afiliado ás Comisións Labregas, e ela forma parte do SLG dende hai quince anos. Agora, amais de traballar a terra, forma parte da Comisión Executiva do sindicato.

■ **Como labrega que é, ¿que tal ve a situación actual do agro en Galiza?**

Totalmente negra. Estannos poñendo trabas por tódolos lados. Co leite, cando das conseguido bos niveis de graxa ou proteína, súbenos, co difícil que é chegar. En canto aos prezos, as fábricas fan o que lles dá a gana.

■ **¿Daquela, afectoulle a crise do sector lácteo?**

Claro que si. Parece que


non, pero nunha explotación pequena, cun mínimo que che desconten, afecta moito. Por exemplo, eu tiven hai pouco problemas coa bacterioloxía, e pagáronme o litro a 39 pesetas, que é unha cantidade irrisoria.

■ **¿E dálle para cubrir os custes de produción?**

¡Que val!, non chega. De non ser polas pensións dos meus pais non podería sobrevivir, xa que son viúva e teño tres rapazas estudando.

■ **¿Pensa que son necesarias as mobilizacións para que as labregas e labregos se fagan escoitar?**

Eu penso que si. O que non vexo ben é que a xente quede na casa. Aínda que non nos fagan caso, polo menos demostrámoslles que non estamos de acordo e que



Pilar Guimarei, en primeiro plano, participou activamente na manifestación de Madrid contra a reforma intermedia da PAC

non lle dicimos a todo amén. ■ **¿E que opina da recente creación da Comisión Executiva do SLG?**

Creo que foi un cambio positivo, xa que se ampliou a base que ten que tomar as decisións, que antes era función da Dirección Nacional e da Permanente. Agora as xuntanzas son periódicas e

máis participativas.

■ **O pasado 10 de xuño acudiu á manifestación de Madrid contra a reforma da Política Agraria Común ¿Que opina desta reforma?**

Coido que nos vai afectar en moitísimas cousas. Vexo mal medidas como o desacoplamento, que fará que podas cobrar as subvencións

cultivos ou non cultives, polo que habrá xente que pedirá subvencións e abandonará despois, deixando a terra a silvas e monte; namentres que outra persoa, que podería aproveitar co seu traballo esa terra, non poderá ter acceso a ela.

■ **Centrándonos máis na casa, ¿cales pensa que son as materias pendentes do agro galego?**

Unha das máis importantes, polo menos no caso do sector lácteo, sería o establecemento dun prezo mínimo garantido que impedise que as fábricas fixesen o que lles pete con nós. É unha demanda que se debería cumprir en tódolos sectores.

■ **¿E a Consellería de Política Agroalimentaria está a facer o necesario para solucionar isto?**

Creo que non está a facer nada. Di que fai, pero non fai nada. As cousas, máis que seguir igual, van a peor, por moito que digan. Dicir din, pero non fan. Mellor sería que fixeran e non dixesen nada.

A Unión Europea pon en marcha unha política agraria que será nefasta para as explotacións labregas

A PAC que se nos bota enriba

Os quinze ministros de agricultura da Unión Europea lograron un acordo que porá en marcha da reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC). Foi en Luxemburgo, na madru-

gada do día 26 de xuño, e tras arduas negociacións co Comisario Fischler que se levaron a cabo coas portas pechadas aos labregos e labregas e facendo oídos xordos ao rexeitamento

unánime das organizacións agrarias. Para o SLG, a reforma fixará a discriminación que sofre Galiza, e agudizará a crise do agro con prezos á baixa e obrigando a pechar máis explotacións.

O mes de xuño comezaba co ambiente caldeado. Namentres os ministros de agricultura europeos iniciaban as súas conversas en Luxemburgo, máis de 7.000 labregos e labregas vidos dende tódolos puntos da xeografía do Estado se concentraron diante do Edificio das Comunidades Europeas, o 10 de xuño en Madrid, para amosar o seu rexeitamento á reforma intermedia da PAC nunha manifestación organizada pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). A única organización agraria galega que apoiou esta concentración foi o SLG, que enviou unha comitiva de apoio para dar voz ás reivindicacións galegas.

As cifras manexadas por COAG neste acto metían medo. Segundo esta organización agraria, a aplicación da reforma da PAC proposta pola Comisión "ameaza a forma de vida dun millón de familias e porá en perigo o 80% do territorio". Centrándose no Estado Español,



Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego desprazouse ata Madrid, o pasado 10 de xuño, para participar nas protestas contra a reforma intermedia da Política Agraria Común organizadas pola COAG

COAG estimou que, de aplicarse esta nova PAC, o agro perderá a 400.000 activos agrarios e gandeiros nos vindeiros dez anos, o cal "suporá un abandono do tecido

rural, o que traerá canda si unhas inmediatas e irreversíbeis consecuencias negativas para o medio ambiente e para a calidade das producións agrarias, posto que a

xente que deixará o agro será aquela que exerce unha agricultura e gandería menos intensiva e, polo tanto, máis segura e respectuosa co entorno".

Prezos á baixa e peche de explotacións

O SLG rexeita rotundamente a reforma intermedia da PAC aprobada polos ministros de agricultura, xa que seguirá mantendo unha política de prezos agrarios á baixa como ata o de agora, e as axudas económicas da nova reforma non chegarán para compensar esta baixada de prezos.

Así as cousas, a nova PAC seguirá obrigando a moitas explotacións a pechar por non poder cubrir, nin sequera, os custos de produción da actividade agraria.

Por se fose pouco, a nova política agraria tampouco acometeu unha redistribución dos fondos europeos destinados a agricultura, que se seguirán repartindo de xeito inxusto e desigual entre as distintas zonas da

Unión Europea.

Ademais, a discriminación que viña sufrindo Galiza -só cobramos pola metade das vacas nutrices e vacúns macho que ten a nosa cabana gandeira- quedará fixada e inamovíbel, xa que a contía da prima única que se concederá a cada explotación fixarase en base aos dereitos históricos da mesma, que se obteñen da media das axudas percibidas en 2000, 2001 e 2002.

De cara á sociedade, esta nova Política Agraria Común non vai garantir nin a seguridade alimentaria, nin unha produción agropecuaria respectuosa co medio ambiente.

Isto é evidente se pensamos que a caída de prezos obrigará a pechar, precisamente,



as explotacións menos intensivas, obrigando ao resto a industrializar a súa produción para poder obter rendibilidade económica.

As expectativas para Galiza diante deste panorama non son nada boas. É de prever que se sigan pechando explotacións a un ritmo im-

parábel, o cal empeorará o despoboamento do medio rural galego e fará máis aguda a dependencia da cidadanía galega dos alimentos que veñen de fóra, polo que Galiza afastarase aínda máis de ver cumprido o seu dereito á soberanía alimentaria.

A principal novidade será o desacoplamento

Unha das principais novidades da nova PAC será o desacoplamento das axudas, é dicir, que os pagamentos non terán que ver coa produción, polo que non será necesario producir para cobrar. A única cesión de Fischler neste tema foi admitir un desacoplamento parcial que se poderá aplicar de xeito progresivo, dependendo de cada país. Así, a entrada en vigor do desacoplamento será o ano 2005, permitíndose aos estados atrasar a aplicación desta medida ata o 2007.

Para facer realidade o desacoplamento, a nova PAC establece unha axuda única por explotación. Ao non ter que ver coa produción, a cantidade da axuda fixarase de acordo cos dereitos históricos de cada explotación, que se calcularán en base ás primas cobradas nos anos 2000, 2001 e 2002. Como nalgúns sectores o desacoplamento será parcial, parte da axuda seguirá vinculada á produción.

No caso do leite haberá prórroga do sistema de cotas ata 2014, e seguirase coa política de baixada de prezos. Por outra banda, as axudas ao leite terán como tope o ano 2008 para pasar a formar parte da prima única.

No sector da carne, o Estado Español adoptou a fórmula de manter as primas por vacas nutrices acopladas (vinculadas á produción) ao 100%; a prima por sacrificio estará acoplada só nun 40%. O resto das primas (vacún macho ou extensificación) quedan desacopladas.

En ovino e cabrún, as axudas poderán manterse vinculadas á produción nun 50% das primas por cabeza, incluídas as axudas complementarias que se conceden a zonas desfavorecidas; o resto incorporarase ao pago único por explotación.

Unha excesiva burocratización e complexidade

A modulación é outra das medidas aprobadas, e consiste en reducirlle unha porcentaxe as axudas para destinala a financiar medidas de desenvolvemento rural. As explotacións que cobren menos de 5.000 euros de axudas quedarán exentas destas reducións. O resto padecerán unha redución progresiva: do 3% en 2005, do 4% en 2006, e do 5% a partir do 2007. Cada Estado recibirá o 80%, como mínimo, dos seus fondos de modulación.

A nova PAC tamén introducirá un mecanismo coñecido como degresividade, que será efectivo a partir do ano 2007, e que consistirá en facer axustes nas axudas directas para adaptalas ás previsións de cada exercicio orzamentario, de maneira que o montante destas axudas non poda superar ao dos fondos previstos.

Tamén se aprobou un sistema de asesoramento para as explotacións que será de aplicación voluntaria nos estados dende o ano 2006, e deberá ser ofertado obrigatoriamente a partir do 2007; a participación de labregos e labregas neste sistema será voluntaria. No ano 2010, o Consello Europeo deberá decidir se isto se aplica como algo obrigatorio.

A reforma intermedia da PAC obrigará ás explotacións a cumprir unha serie de normas en materia de medio ambiente, sanidade animal e vexetal, seguridade alimentaria, seguridade no traballo e benestar animal: é o coñecido como ecocondicionalidade. De feito, para poder cobrar a prima única e outras axudas directas, será necesario respectar as normativas.

Para o desenvolvemento rural haberá un incremento de fondos e introduciranse novas medidas a partir do ano 2005: axudas para incentivar que labregos e labregas participen en sistemas de mellora da calidade dos produtos agrarios e dos sistemas de produción, e axudas ás organizacións labregas para actividades de promoción e información a consumidores dos produtos obtidos con sistemas de calidade subvencionados.

A Coordinadora Labrega Europea denuncia que a nova política seguirá permitindo o *dumping*

Unha reforma cualificada de “estafa internacional” e “escándalo” pola CPE

Para a Coordinadora Labrega Europea (CPE), a nova PAC foi máis un resultado dos regateos entre a Comisión Europea e os ministros de agricultura, que unha auténtica negociación entre estados. O resultado disto foi que a Comisión Europea acadou, finalmente, impoñer o desacoplamento (desvincular as axudas agrarias da produción) facendo múltiples concesións nacionais que supoñen, na práctica, un desmembramento e renacionalización da PAC. A CPE denunciou que a nova política agraria dos europeos non regula os mercados e segue mantendo uns prezos agrícolas moi baixos gracias á importación e á superproducción.

A CPE explica que a presión exercida pola Comisión Europea para impoñer esta PAC debeuse a que necesitaba unha moeda de cambio para as negociacións de setembro no seo da Organización Mundial do Comercio (OMC) e poder impoñerse a terceiros países e penetrar nos seus mercados. De feito, a OMC ten denunciado que as axudas directas á produción que había



O Goberno contestou á manifestación de Madrid co despregue dun grande dispositivo policial

na Unión Europea eran distorsionadoras do mercado. A pesar deste lavado de cara, a CPE aclara que os prezos agrícolas poderán seguir estando por baixo dos custos de produción cos pagamentos desacoplados, o cal non vai cambiar para nada a práctica do *dumping* (exportación de produtos a outros países con prezos inferiores ao que

custou producilos). A CPE é tallante cando di que isto é “unha estafa internacional”, e que basear nela a PAC é un “escándalo”.

Segundo a análise da CPE, coa nova política agraria a Unión Europea persiste no seu erro de dar prioridade á exportación. As labregas e labregos das pequenas e medianas explotacións non resistirán as reducións de

prezo e o desacoplamento terá efectos perversos e catastróficos nas rexións desfavorecidas, onde xa non haberá ningún interese económico en producir con prezos agrícolas que nin sequera cobren os custos de produción. O desacoplamento é, xa que logo, unha medida que vai, claramente, en contra do desenvolvemento rural.

A nova política agraria incide nas desigualdades entre zonas da Unión Europea

Contrariamente á mensaxe que pretende difundir a Comisión Europea, non se trata en ningún caso dunha reforma radical, histórica ou positiva, xa que a PAC sigue arrastrando problemas esenciais.

Para empezar, a nova PAC non troca nada a grande disparidade que existe na distribución dos fondos comunitarios entre as explotacións e os estados membros.

Pola contra, os dereitos históricos elixidos como referentes para fixar una prima única e desacoplada vai afianzar dita disparidade. Ademais, o desacoplamento

posibilita que unha grande explotación poda recibir centos de miles de euros sen producir nada.

Tamén hai que dicir que a nova PAC non soluciona os graves problemas medioambientais. A gandería industrial seguirá medrando e a produción leiteira intensificarase.

A pesar da propaganda que a Comisión Europea fixo dende xullo do ano pasado e con repetida insistencia nos últimos días, o desacoplamento non é unha medida vinculada ao medio ambiente: as axudas acopladas ou desacopladas poden ser boas ou malas



O SLG foi a única organización da Galiza que acudiu a Madrid para protestar contra a reforma intermedia da PAC

para o medio ambiente.

A nova PAC tampouco arranxa as distorsións pro-

ducidas no mercado, pois seguirá fomentando a práctica do *dumping*.

Francia opta pola represión sindical ao deter a José Bové

Deteñen ao voceiro da Confédération Paysanne por protestar contra o perigo dos transxénicos na agricultura

Ao final, as peores sospeitas confirmáronse. José Bové foi detido na madrugada do 22 de xullo por ter protestado contra os transxénicos e despois de que o Tribunal Supremo rexeitase os recursos presentados que solici-

taban a retirada de cargos para o sindicalista galo. Así, o goberno francés opta pola vía represiva para acalar as protestas sociais contra os OXMs e, de paso, poñerllo doado ás multinacionais da manipulación xenética.

O voceiro da Confédération Paysanne, José Bové, foi detido na madrugada do 22 de xullo, namentres durmía na súa granxa de Larzac, por un dispositivo policial desproporcionado composto de oitenta xendarmes, varios cans policía e un helicóptero. O arresto do líder sindical prodúcese polas denuncias que existían contra el e outros compañeiros da Confédération Paysanne por arrincar plantas de arroz transxénico en fincas experimentais ao aire libre en Agen e Montpellier nos anos 1998 e 1999. Condenado a dez meses, Bové volverá por segunda vez á cadea tras estar encarcerado por desmontar un McDonald's en Millau.

A detención de José Bové xerou todo tipo de críticas e manifestacións contra o goberno francés de Jean Pierre Raffarin. Para a Confédération Paysanne, o único crime de Bové foi "dirixir accións sindicais para sensibilizar á opinión pública sobre o risco que representa a utilización de transxénicos na agricultura e na alimentación, unha tecnoloxía rexeitada polo 70% dos consumidores franceses e europeos polos posíbeis riscos ecolóxicos e para a saúde".

Pola súa banda, a Confederación Labrega Europea (CPE) e a Vía Campesina, organizacións ás que pertence tanto a Confédération Paysanne como o Sindicato Labrego Galego, condenaron a detención do labrego galo cualificándoa de "represión inaceptábel contra un sindicalista no seo dunha democracia que amosa a debilidade do goberno francés, o cal non atopa outros medios para forzar á opinión pública a aceptar os OXMs".



Unha comitiva de alcaldes franceses de municipios rurais, en representación de máis de 800 homólogos, manifestouse en París para esixir a posta en liberdade sen cargos de José Bové

Tanto a CPE como a Vía Campesina fixeron un chamamento á cidadanía francesa, europea, e de todo o mundo, para que manifeste a súa indignación e esixa a liberación inmediata de José Bové manifestándose xunto ás embaixadas e consulados de Francia;

tamén animaron a que a xente manifeste a súa oposición ao emprego de OXMs na agricultura e na alimentación.

Contra esta detención, que era algo anunciado, xa se recolleran máis de 600.000 sinaturas pedíndolle ao Presidente da República,

Jacques Chirac, que retirase os cargos que pesaban contra Bové. Tamén é de destacar o apoio que lle deron ao líder sindical máis de oitocentos alcaldes de municipios rurais franceses, que se manifestaron recentemente pedindo a súa liberdade.

O SLG considera o arresto coma un atentado contra a democracia

Para o Sindicato Labrego Galego esta detención é un claro atentado contra o dereito democrático de labregos e labregas, e da cidadanía, a defenderse dos intereses das transnacionais.

Neste senso, cómpre denunciar que a tecnoloxía xenética aplicada á agricultura é unha tecnoloxía totalitaria pois, de permitirse, a contaminación (por polinización cruzada ou pola presenza legalmente permitida de sementes transxénicas xunto ás convencionais) será algo totalmente inevitábel e suporá a desaparición da agricultura convencional e da agricultura ecolóxica; iso sen contar cos posíbeis efectos nocivos sobre a saúde humana (contaminación de fincas para cultivos alimentarios por transxénicos para produción de

fármacos ou pesticidas, por exemplo).

Permitir unha agricultura con transxénicos é, polo tanto, a negación rotunda do dereito democrático que teñen os labregos e labregas a cultivar o que queiran; e da cidadanía a poder escoller os alimentos que desexen.

A detención de José Bové non é máis ca un suma e sigue na extensión do poder das transnacionais, que cada vez están acaparando máis competencias que deberían estar en mans dos gobernos e dos estados; unha situación que vai camiño de empeorar se a Organización Mundial do Comercio liberaliza os mercados agrarios internacionais tal e como pretende facer no cumio que celebrará en Cancún (México) no mes de setembro.

Os prezos agrarios baixan, namentres medran os prezos de consumo

Os últimos datos publicados pola Oficina Estatística Europea, Eurostat, veñen de confirmar a baixada de prezos que os produtos agrarios experimentaron nos quince países da Unión no cuarto trimestre do ano 2002. En termos reais, os prezos agrarios caeron un -5'3% con respecto ao mesmo período do ano 2001. Por se fose pouco, no Estado Español superouse a media nesta caída de prezos, cun descenso do -8%, que foi do -7'6% en producións vexetais, e do -8'4% en produtos animais.

As caídas máis acusadas sufríronas os cereais e o arroz, cun -10'5%; as hortalizas frescas, cun -8'5%; e as sementes, cun -8'2%. En canto aos animais, os sectores máis resentidos foron o porcino, cun descenso do -13'4%; o ovino, cun -9'2%; o leite, cun -8%; e as aves, cun -4'9%.

Pola contra, dun xeito oposto a esta tendencia, o Índice de Prezos de Consumo (IPC) de alimentos e bebidas do mes de maio do presente ano subiu un 0'3%, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística. Os incrementos máis significativos no prezo que paga a cidadanía producíronse nas patacas e os seus derivados, cun 5'2%; na carne de ovino, cun 1'4%; nas froitas frescas, cun 1'3%; e na carne de ave, cun 0'7%.

Os Sem Terra do Brasil comezan a ocupar fincas de Monsanto

Un grupo de douscentos labregos e labregas do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) ocupou, o pasado 3 de xuño, unha propiedade da multinacional Monsanto en Santa Helena, no estado de Goiás.

En declaracións do MST, "Monsanto produce cultivos transxénicos e queremos a expropiación das terras para a reforma agraria". Pouco antes, o 16 de maio, outro grupo do MST ocupou outra propiedade de Monsanto no estado de Paraná, ao sur do Brasil.

As fumigacións do Plan Colombia provocan un éxodo rural masivo

Os plantíos de coca aumentan, mentres se destrúen miles de hectáreas de leiras, pastos e selva

O goberno colombiano, apoiado por Estados Unidos, segue adiante co Plan Colombia coa intención oficial de erradicar o cultivo da coca. Sen embargo, a realidade vai alén, pois o

meirande dos cultivos arrasados con glifosfato son alimentarios; pola contra, a superficie dedicada á coca incrementouse dende o ano 2000 de 120.000 a 200.000 hectáreas. Polo de

agora, as prexudicadas son as comunidades labregas, obrigadas a desprazamentos masivos que deixan a terra en mans da especulación forestal, mineira, gandeira e latifundista.

O goberno colombiano iniciou, o pasado 23 de maio, fumigacións masivas con glifosfato sobre cultivos de coca, cultivos de alimentos, pastos, selva e corpos de auga no Val do Río Cimitarra, na rexión do Magdalena Medio. A aspersión estase a realizar dende catro avionetas da policía antinarcóticos escoltadas por oito helicópteros militares.

Esta acción é un suma e sigue que están a padecer as comunidades labregas desta zona. En abril e agosto de 2001 déronse as primeiras fumigacións do Plan Colombia na rexión, sendo envelenadas 1.439 hectáreas, das cales só 516 corresponden a cultivos de coca. Isto significa que 923 hectáreas de leiras, prados, brañas e selva



As fumigacións masivas con glifosfato están a arrasas os cultivos alimentarios de Colombia

húmida foron regados por glifosfato, un herbicida producido pola multinacional Monsanto. Estas primeiras fumigacións produciron miseria e o desprazamento

de centos de labregos e labregas que se viron privados das súas facendas, cultivos e auga.

O devandito é só un exemplo aplicábel a boa parte do

país. A Asociación Labrega do Río Cimitarra denuncia que estas fumigacións "son unha práctica criminal imposta polos Estados Unidos á clientelizada e prostituída

oligarquía local, práctica que se ven utilizando en toda a xeografía colombiana onde hai, pese a décadas de fumigacións, máis de 150.000 hectáreas de coca".

Esta organización labrega local prosigue a súa denuncia afirmando que "os pretextos para cometer este crime son falacias que van dende a loita contra os cárteles das drogas, a redución da oferta de cocaína, a loita cotraguerrilleira e a loita antiterrorista.

Na práctica, os impactos directos sófreos a comunidade labrega nas zonas rurais do país, que se ve obrigada ao desprazamento e ao empobrecemento das súas condicións de vida, pasando a engrosar os cordóns de miseria das grandes cidades".

Demasiados intereses cobizando as terras labregas

O Val do Río Cimitarra e o sur do departamento Bolívar son subrexións de colonización do Magdalena Medio colombiano, de grande riqueza natural, pero caracterizadas pola pobreza xeral na que viven as súas xentes. Como contraste, na serra de San Lucas atópanse as reservas de ouro con máis potencialidade de América Latina.


Latifundistas, empresas gandeiras, agroindustrias e narcotraficantes están a facer unha grande presión sobre as comunidades coa fin de desprazalas para empregar os seus territorios en megaproxectos de explotación forestal, minería aurífera, cultivos de palma africana, gandería extensiva e, mesmo, para estender cultivos ilícitos de coca.

Segundo varias organizacións labregas do Magdalena Medio, "as fumi-

gacións indiscriminadas dos últimos anos fortaleceron a estratexia do desprazamento forzado, e son unha política de forza que complementa outras estratexias de guerra sucia como o paramilitarismo.

A erradicación violenta non obedece a ningún proceso de solución estrutural ao problema dos cultivos de coca. A solución pasa pola reforma agraria, polo investimento social no campo, e por un modelo de desenvolvemento que asegure o mercado interno á produción campesiña".

En xeral, se lle botamos unha ollada a Colombia enteira, os intereses para eliminar ás comunidades labregas ampliáanse, pois son estorbos que cómpre eliminar para a prosperidade dos negocios. Así, na zona do Putumayo, xunto a Ecuador, empresas de capi-



O Plan Colombia está a xerar un grande rexeitamento social

tal canadense, árabe, europeo e estadounidense conseguiron importantes contratos de explotación petroleira; a perforación chegouse a realizar no Catumbó, en territorio dos indíxenas u'was, con intereses de Shell, BP, Repsol ou Elf.

Tamén hai intereses no eido das hidroeléctricas (Endesa, Iberdrola), e das telecomunicacións (Telefónica de España). Curiosamente, en todos os lugares cobizados está comezando a fumigación masiva de campos de coca e papoula; acción que se estende a cultivos de consumo

humano, deixando a terra erma e provocando o desprazamento de miles de persoas para fuxir da fame e das enfermidades. Así, queda a vía libre para a especulación e os negocios millonarios.

Finalmente, o grande beneficiado é Estados Unidos, que é "o maior consumidor de cocaína no mundo, que produce os insumos para a fabricación desta droga, que fabrica o glifosfato, e subministra o armamento para intervenir no conflito colombiano; o negocio dálle á economía ianqui uns 500.000 millóns de dólares anuais".

O glifosfato

O glifosfato é o herbicida que se está a utilizar de xeito masivo e indiscriminado no Plan Colombia, seica para erradicar os cultivos de coca. Fabricase dende hai 25 anos e é un dos herbicidas estrela da multinacional Monsanto, que comercializa baixo o nome de Roundup.

O glifosfato elimina sen distinción herbas anuais, bianuais, perennes, matas leñosas, cultivos comerciais, etcétera; e a súa perigosidade para a saúde ambiental e humana está ben demostrada, pois é altamente tóxico, sobre todo se temos en conta que se está a empregar cunha concentración 26 veces superior á permitida, e que o seu efecto se multiplica coa adición do surfactante Cosmo Flux 411 F, que pode ata cuadruplicar a acción biolóxica do glifosfato que contén o Roundup.

O sector produtor analiza o traballo do SLG no seo do Craega

Ágatha Broëskamp introduciu no pleno do consello temas como os transxénicos ou a venda directa

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o pasado 27 de xuño, unha nova xuntanza de afiliados e afiliadas do grupo de produción ecolóxica. O encontro tivo lugar en Lugo e reuniu a persoas vinculadas a producións de

de horta, mazá, viño e leite. Na xuntanza foron temas de debate a actual situación do Craega e o traballo desenvolvido polo SLG no seu seo, os transxénicos, ou a imposición da nova regulamentación de sementes ecolóxicas.

A asemblea seguiu o esquema habitual, e a xente que participou na xuntanza deu conta dos acordos do encontro anterior e do traballo realizado dende aquela.

Como non podía ser menos, un dos temas centrais que se trataron na xuntanza foi o do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega). Avaliouse de xeito positivo o traballo desenvolvido polo SLG a través da vocal Ágatha Broëskamp. Gracias a este labor, o Craega está empezando a ter unha actuación máis respectuosa coa legalidade.

Dende este punto de vista, as protestas iniciadas polo SLG a causa da ausencia de plenos, e a convocatoria da nosa asemblea do 27 de xuño forzaron ao Craega a convocar o último pleno celebrado.

Nembargantes, cómpre denunciar aínda que a realidade actual do funcionamento do Craega deixa moito que desexar. Baste dicir que a directiva tentou que a nosa represen-



O SLG aprazará ata setembro as xornadas sectoriais de agroecoloxía; na imaxe, visita a unha explotación ecolóxica avícola de Asturias nunha viaxe organizada polo sindicato en abril

tante non tivese acceso aos documentos do consello regulador. Esta denuncia ampliase se pensamos que se pretende, constantemente, ocultar a información, e roubarlle tódolos poderes ao pleno para darllos a unha comisión integrada case unicamente por industrias.

En palabras do responsábel sectorial de agricultura ecolóxica do SLG, Xan Pouliquen, "a lista de fallos

no funcionamento e na democracia do Craega é impresionante, e imos ter que traballar duro para normalizar isto".

Neste senso, Pouliquen lembrou que "o Craega é un órgano administrativo, e non unha asociación privada de produtores e industriais; amais de ser unha entidade pública dependente da Consellería de Política Agroalimentaria, polo que debemos

facer o posíbel para que funcione como tal e non se siga manexando ao antollo dun grupo de amiguiños".

No último pleno celebrado no Craega, Ágatha Broëskamp fixo entrega de varias propostas dirixidas a reconducir a situación actual. Tamén se presentaron outras propostas referentes aos transxénicos, e ao fomento das formas de venda directa.

O sector oponse ao novo regulamento de sementes ecolóxicas

Outro dos temas tratados na asemblea foi a busca de modos de difusión do labor do sector ecolóxico, presentándose varias propostas.

Tamén se falou da nova regulamentación sobre sementes, que afectará a tódalas persoas que traballan na produción ecolóxica agás, se cadra, ás de castaña (ver Fouce anterior). A xente participante no encontro acordou denunciar o absurdo deste regulamento, que vai na dirección de deixar, unha vez máis, o control das sementes nas empresas.

Paralelamente, decidiuse difundir, nos centros oportunos, a existencia do rexistro de variedades de conservación, que é o único xeito de defender as nosas sementes.

Outro acordo adoptado foi o de dar conta ás distintas administracións da necesidade de fomentar a produción destas sementes, en especial no eido ecolóxico.

Coma sempre, no apartado de "varios" tocáronse moitos temas, como a nosa presenza da produción ecolóxica nas feiras e a relación con este sistema de venda directa, o perigo que espereita ao sector coa extensión dos transxénicos, ou a organización técnica e comercial.

Por desexo expreso das produtoras e produtores de ecolóxico, o Sindicato Labrego Galego vai baixar a frecuencia das xornadas sectoriais que viña organizando cada trimestre. Daquela, as xornadas avícolas, hortícolas e de vacún de carne e leite que estaban programadas vanse aprazar ata o mes de setembro.

Aprazamento das xornadas sectoriais de ecolóxico

Mantense a Segunda Xornada de Viña Ecolóxica. Farase antes da vendima e terá lugar en Vilafranca do Bierzo e no Barco de Valdeorras o día 17 de xullo. Para máis información e inscricións, chamar a Xan Pouliquen ao 982 231 154.

A Xunta permitirá legalizar as cortes que non teñan licencia

O Sindicato Labrego inicia unha campaña para facilitar a normalización das instalacións agrogandeiras

Tralas negociacións do ano pasado coa Consellería de Política Territorial, nas que participou o Sindicato Labrego Galego (SLG), a Xunta de Galiza vai facer efectiva a Lei do Solo

no referente a legalizar as instalacións agrarias que, antes do 1 de xaneiro de 2003, carecen de licencia urbanística (son a maioría) e non tivesen aberto un expediente por ese

motivo. Por iso, o SLG ponse ao servizo de labregas e labregos para dar información sobre o tema e facilitar os trámites necesarios para que esta legalización sexa unha realidade.

Tras varios anos de loita, e tralas negociacións levadas a cabo coa Consellería de Política Territorial, o Sindicato Labrego Galego conseguía, a finais do ano pasado, que a Xunta de Galiza publicase unha Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural (Lei do Solo) na que se deixaba aberta unha porta para á legalización das cortes que non tiñan licencia de construción.

Esta posibilidade de dar cobertura legal ás instalacións de moitas explotacións agrarias galegas plasmasse nunha disposición transitoria que vén dicir que as explotacións existentes antes da entrada en vigor da Lei do Solo, que foi o 1 de xaneiro de 2003, poderán manter o seu traballo sempre e cando non tivesen aberto un expediente por carecer de licencia urbanística de edificación ou actividade.

Ademais, a nova lei tamén contempla a posi-



O SLG foi pioneiro na loita para conseguir a normalización das instalacións agrarias na Galiza, con actos como a Festa pola legalización das cortes (na imaxe) celebrada na Estrada o 16 de novembro

bilidade de que as explotacións que non se ativesen á nova lei podan ampliarse ata nun 10% na

súa capacidade ou superficie, ampliándose dito límite ata un 50% en caso de que a explotación afectada tivese

características de familiar ou de tradicional no momento de entrar en vigor a Lei do Solo.

A circular informativa da Xunta editarase no mes de xullo

Agora, a Xunta vai publicar no Diario Oficial de Galiza, a mediados do mes de xullo, unha circular informativa en relación coa regularización a nivel urbanístico das explotacións agrogandeiras existentes antes da entrada en vigor da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

Con esta circular que vai aprobar a Xunta de Galiza, as persoas titulares das explotacións ás que se fixo referencia van poder conseguir un documento que deixará constancia de que procederon a regularizar a situación das edificacións, construcións e instalacións a efectos urbanísticos, acolléndose á Lei do Solo, o cal lle será de moita utilidade para futuras obras ou ampliacións.

O prazo fixado pola Xunta para tramitar a legalización das cortes remata o 1 de decembro

Coa solicitude, os interesados e interesadas deberán aportar unha serie de documentos necesarios para poder acadar esta legalización urbanística:

Documentación a presentar :

- Unha declaración responsable facendo constar os datos de identificación da explotación e a descrición e características de cada unha das edificacións da mesma que estivesen completamente construídas a 1 de xaneiro de 2003.
- Un esbozo acoutado no que aparezan tódalas edificacións e construcións existentes a 1 de xaneiro de 2003.
- Unha reportaxe fotográfica das edificacións e do contorno da explotación na que se vexa cada unha das edificacións.
- A referencia catastral ou os datos da concentración parcelaria.
- Plano de situación.

A legalización urbanística é necesaria para as explotacións

O documento ao que estamos facendo referencia é necesario e indispensable para as explotacións por moitas razóns.

Para empezar, cómpre ter as obras regularizadas para poder acceder á licencia de actividade que se solicite. Ademais, se se quere ampliar a construción e esta non cumpre coas normas que esixe a nova Lei do Solo, debe demostrarse que a construción existía antes do 1 de xaneiro de 2003, polo que será obrigatorio contar co documento.

Outra das razóns importantes para facer a solicitude é que, no caso de que se produzan denuncias doutras persoas por incumprir a norma urbanística, o documento acreditativo de que a construción

existía antes da entrada en vigor da Lei do Solo serve para evitar que prospere a denuncia.

Neste senso, cómpre lembrar que ten habido sentencias condenando a demoler construcións agrogandeiras por non ter licencia, ou por tela sen axustarse á normativa de aplicación.

Por todo isto, o Sindicato Labrego Galego recomenda que as persoas afectadas tramiten canto antes a solicitude deste documento que acreditará que procederon a regularizar as súas cortes ou instalacións agropecuarias acolléndose á nova Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, popularmente coñecida como Lei do Solo.

Fomento do emprego en empresas de economía social e promoción e divulgación do cooperativismo

Estas axudas están destinadas a cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo en Galiza e estean debidamente inscritas no correspondente rexistro. As subvencións están divididas en cinco apartados: axudas para a adquisición da condición de socio traballador, axuda pola incorporación de socios traballadores ou de traballo, axudas para a contratación de directores ou xerentes, subvención financeira e axuda excepcional.

A axuda para adquirir a condición de socio traballador está dirixida a desempregados e

desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servicio Público de Emprego, e a súa contía pode ascender a 3.600 euros. En canto ás axudas para incorporar socios traballadores, poden chegar ata 3.000 euros por persoa.

O prazo de presentación de solicitudes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador será de dous meses contados dende a data de alta na Seguridade Social do beneficiario ou beneficiaria. Para máis información, diríxase a calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Programa de promoción do emprego autónomo

No DOG do 23 de maio aparece a orde pola que se establecen as bases para os programas de promoción do emprego autónomo.

As persoas beneficiarias destas axudas terán que ser desempregadas que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadoras autónomas por conta propia, sempre que cumpran unha serie de condicións.

As axudas poderán ser de tipo financeiro,

ata 3.000 euros; ou en forma de rendas para o inicio da actividade, ata 3.600 euros. Tamén haberá axudas de ata 3.000 euros para adquirir a condición de socio.

O prazo de solicitude desta axuda será de dous meses dende a data de alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. Para máis información, pode achegarse a calquera local do Sindicato Labrego Galego.

Tramite os seus seguros agrarios a través do Sindicato Labrego Galego

O Sindicato Labrego Galego vai ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de casos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o Sindicato Labrego esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles

para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar

as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dobre, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Programa de abandono voluntario da produción leiteira en Galiza

Os gandeiros e gandeiras que queiran acollerse a este programa terán que cumprir unha serie de requisitos: non deberán ter tramitado ao inicio do período cesións temporais, transferencias nin transvasamentos de cota; deberán estar libres de compromisos derivados de calquera axuda que percibisen ou teñan percibido destinada a explotación leiteira; aqueles e aquelas que recibisen cantidades de referencia suplementarias, procedentes da reserva estatal, poderán

solicitar o abandono da súa produción aínda que ditas cantidades de referencia non serán indemnizadas e incorporaranse a dita reserva; as persoas que non entregasen leite ou produtos lácteos a compradores ou que non os vendese directamente, no período comprendido entre o 1 de abril de 2002 e o 31 de marzo de 2003, non poderán acollerse ao plan.

O prazo de presentación remata o 30 de xullo de 2003. Poden solicitar máis información en calquera oficina do SLG.

O SLG recomenda conservar as cartas do Ministerio de Agricultura

Durante o mes de xuño comezaron a chegar unhas cartas do Ministerio de Agricultura nas que facilita un código de acceso por Internet a cada explotación para poder consultar os datos as cotas dos últimos anos, historial, etcétera.

Dende o Sindicato Labrego recomendamos que conserven esta carta, pois pode facilitarlles moitas xestións.

Indemnizacións por sacrificio obrigado de gando pola EEB e por erradicación de enfermidades

No DOG do 20 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen as contías das indemnizacións por sacrificio obrigado de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para o ano 2003.

No DOG do 26 de febreiro,

as indemnizacións por sacrificio obrigado a causa da encefalopatía esponxiforme bovina.

O prazo para ambas solicitudes remata o 20 de novembro. Máis información nos locais do Sindicato Labrego Galego.

¡Afiliate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Ábrese o prazo para a adquisición de cota láctea da reserva estatal

O Ministerio de Agricultura vén de publicar unha orde pola que regula as condicións que se aplicarán na adquisición de cota láctea do Fondo Estatal durante a campaña 2003-04. O prezo de adquisición será de 26 céntimos por quilo (43 pesetas), e a cota dispoñíbel no fondo para o presente período ascende a 20.542 toneladas. Por cada quilo de cota que se adquira, asignarase, de xeito complementario, outro quilo a maiores de cota de forma gratuíta.

As cantidades máximas que se poden adquirir dependerán da cota asignada que teña o gandeiro ou gandeira ao comezo da campaña (1 de abril de 2003). Así, as produtoras e produtores que non teñan cota asignada poderán adquirir ata 75.000 quilos. Os

que teñan asignados menos de 150.000 quilos, poderán mercar como máximo o 50% da súa referencia. Finalmente, aquelas persoas con cotas entre 150.000 e 250.000 quilos poderán adquirir, como máximo, o 50% da cantidade de referencia entre a súa cota e 350.000 quilos. No caso de que a cantidade de referencia estea comprendida entre 250.000 e 400.000 quilos, ata un máximo do 25% da diferenza entre a cota e 500.000 quilos.

A materia graxa coa que se asignarían as cotas sería de 3'55%, que é a da media ponderada dos contidos en graxa das últimas cotas abandonadas. Para máis información, pode realizar consultas en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para a compra de gando bovino de reposición por sacrificio obrigatorio

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis.

En tódolos casos, será necesario ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos; non ter incumplido con anterioridade a

normativa sanitaria vixente en materia de sanidade animal de xeito que exista resolución en expediente sancionador; e ter efectuado, previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

O prazo para facer a solicitude remata o vindeiro 20 de novembro de 2003. Para máis información, pode acudir a calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

A comisión executiva do SLG decidiu na súa reunión de xuño que

**O HORARIO DE ATENCIÓN
AO PÚBLICO NAS OFICINAS
DO SLG, NOS MESES DE
XULLO E AGOSTO, SERÁ DE
10.00 A 14.00 HORAS**

Siguen vixentes as primas de vacún e para o sacrificio do ano 2003

A prima especial de vacún poderá solicitarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. A prima por sacrificio de vacún debe solicitarse nos catro seguintes

meses ao sacrificio, e poderase solicitar en xuño e setembro, rematando o prazo do 1 de decembro de 2003 ao 15 de xaneiro de 2004.

Axudas á xente nova para a mellora e modernización das estruturas agrarias

No DOG do 27 de decembro anunciouse a modificación de bases da convocatoria de axudas para modernización das explotacións agrarias.

No caso das primeiras instalacións de mozos e mozas

motivadas por cese anticipado na actividade agraria, o prazo remata o 30 de novembro de 2003.

Para solicitar información sobre os requisitos para pedir estas axudas, consultar nas oficinas do SLG.

AVISO IMPORTANTE PARA AS PERSOAS QUE COBRAN AS AXUDAS POR CESAMENTO ANTICIPADO DA ACTIVIDADE AGRARIA: Presentar, antes do 31 de xullo, unha solicitude anual de pagamento, xunto coa copia da declaración da renda de 2002, a certificación ou informe da Seguridade Social sobre as cotizacións de 2002 e a fe de vida.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
remolque para transportar rolos.
Medidas: 4'5 x 2'4 m.
Tlfn. 650 158 948

Véndese
silo de 5.000 quilos.
Tlfn. 982 164 443; chamar ao mediodía ou pola noite.

Véndese
tractor BELAROS de 75 CV. Tracción, cabina acristalada, 600 horas (dous anos). Preguntar por Alfonso ou Xosefa (Cambre).
Tlfn. 981 676 408

Véndese
rotoempacadora marca MORRA.
Teléfonos 986 699 560 ou 677 461 844

Véndese
tanque de 400 litros. Tlfn. 981 681103; preguntar por Xan.

Véndese
sistema de rego con motobomba de 18 CV. Tubos de 4'.
ensiladora de millo de un rego. Seminova
Tlfn. 981 896668; preguntar por Xosé Manuel.

Véndese
sala de muxido de catro puntos disposta en forma de espiña de peixe. Case nova.
Tlfn. 981 788 210

Véndese
empacadora seminova, marca GALLINNANI. Dous metros de ancho.
Tlfn. 982 150 232. Chamar ao mediodía ou pola noite, e preguntar por Xesús.

Véndese
sala de muxido de catro puntos WESTFALIA

Tanque de frío tipo bañeira de marca GAPY de 1.200 litros. Todo en moi bo estado.
Tlfn. 981 670725

Véndese
autocargador rotativo marca MORRA de 20 m3.. En moi bo estado.
Tlfn. 981 694339

Véndese
tractor SAMEN de dúas traccións e 85 CV. Preguntar por Ramón.
Tlfn. 981 605 714

Véndese
mezclador TATOMA de 6'5 m3 en bo uso.
Tlfn. 981 808890

Véndese
autocargador-segador de marca JUSCAFRESA, con botella na cabezalla e descarga hidráulica. En bo estado.
Tractor MASSEY FERGUSON 285 con cabina. Tlfn. 696 780482; preguntar por Suso.

Véndese
empacadora moderna con encarte. Preguntar por Manuel Ramos.
Tlfn. 988 465 564 (polas noites)

Véndese
tractor de dobre tracción en bo estado. Tlfn. 606 045892

Véndese
empacadora LSGOGORBATI de tamaño pequeno.
Muño triturador de 10 Kg por minuto. Tlfn. 982 167599

Véndese
autocargador marca EUROPA de 22 metros cúbicos.
Cisterna ANVASO de 2.500 litros. Tlfn. 646 336 125.

Véndese
circuíto de muxido de tres puntos, marca ALFA LAVAL. Cinco anos e bo precio.
Tanque de frío de 450 litros, marca FRIGO LAIT.
Tlfn. 981 714 410. Preguntar por Francisco.

Véndese
xuvencas próximas ao parto. Raza frisona; boa xenética.
Tlfn. 981 788 210.

Véndese
tanque de frío marca ALFA LAVAL de 450 litros.
Muxidora de dúas caldeiras marca GOFRA.
Tlfn. 986 572 219

Véndese
rotoempacadora DEUTZ FHAR GP 2.30. Preguntar por Antonio.
Tlfn. 982 528 123 / 676 128 939

COMPRAS

Mércase ou alégase
extensión grande de terreo de (aproximadamente 30 hectáreas en calquera lugar de Galiza).
Tlfn. 986 757187; preguntar por Agustín.





Asaja e Upa atacaron en 1999 a quen alertaba do perigo de supresión do REASS

Non hai dúbida de que antes se colle a un mentireiro que a un coxo. Nesta ocasión, os mentireiros foron dous: Asaja e UPA, é dicir, Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias. Agora que está de moda a desaparición do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria (REASS) imposto polo decretazo do PP, estas organizacións agrarias se autoproclaman teimudas defensoras do seguro labrego. Nembargantes, esas organizacións defenderon e negociaron no seu día o Pacto de Toledo, orixe da supresión do REASS; e puxeron a pan pedir á COAG e ao SLG por erguer a voz de alarma.

Cae antes o mentireiro có coxo

Os editoriais dos periódicos de Asaja e UPA en marzo e febreiro de 1999 non teñen desperdicio. Ambos están motivados por unha carta que a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) enviou ese mesmo ano advertindo a labregos e labregas do perigo de desaparición do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria a raíz do Pacto de Toledo; postura de alarma que tamén defendeu o Sindicato Labrego.

A carta motivou que as centrais de Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias acusasen a COAG de "calumnias", "intoxicacións" e "desinformación". Nembargantes, o tempo vén de poñer a cadaquén no lugar que lle corresponde.

O caso é que a desaparición do REASS é xa un feito: o decretazo do goberno de Aznar supón que o réxime especial agrario desaparecerá para equipararse ao de autónomos, incrementándose a base de cotización progresivamente ata o ano 2018, e sen ofrecer mellores prestacións ou cobertura.

Por riba, neses mesmos editoriais, UPA e Asaja gábanse de estar participando na mesa de negociación do REASS xunto a CC.OO., UXT, a CEOE e o goberno do PP. A organización á que pertence Unións Agrarias chega a defender as intencións do executivo español, dándolle a razón cando di que "a alarma que pretendieron crear no sector enganando a destro e sinistro bateu de fronte e sen ningún miramento contra o Ministerio de Trabajo, que puxo a cada un no seu sitio, reiterando que non desaparecerá o sistema de prestacións sociais nin a cobertura e cobro de pensións".

Iso si, agora UPA e Asaja defenden a capa e espada o REASS e padecen unha curiosa amnesia que lles fai esquecer a súa participación activa na xestión desta reforma tan lesiva para os intereses dos labregos e labregas de Galiza e de todo o Estado Español.

Diz Guedes defende a eliminación do REASS

Outro que sigue nas súas trece é o conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, que a principios de xuño defendeu no Parlamento a supresión do REASS. Para o conselleiro, esta reforma que pretende equiparar a Seguridade Social Agraria ao Réxime de Autónomos non causará prexuízos aos labregos e labregas de Galiza porque os aumentos na base de cotización se farán de xeito progresivo.

Diz Guedes xa ten defendido a supresión do REASS con anterioridade, chegando a afirmar que esta reforma "beneficiará sen dúbida ao sector", ou que organizacións agrarias críticas, coma o SLG, "están a crear unha sensación de alarma". Nótase que o conselleiro non está moi preocupado pola súa xubilación nin por ter que facer números para poder render contas a fin de mes coa Seguridade Social.

Para figurar, hasta engañan y atemorizan a los agricultores

Los agricultores y ganaderos españoles están siendo objeto de una campaña de desinformación y calumnias sobre el futuro del Régimen Especial Agrario de la Seguridad Social (REASS). A sus domicilios está llegando una carta, firmada por la COAG, asegurando que este Régimen va a desaparecer. El hecho es de tal gravedad que no podemos calificar de otro modo a sus responsables. Mienten a costa del sector con el único fin de integrarse en la Mesa de negociación del REASS, de la que, lógicamente, no forman parte.

Para conseguirlo son capaces de dirigirse a todo el censo atemorizando a los agricultores y ganaderos asegurándoles que este régimen va a desaparecer. La COAG amenaza a los profesionales agrarios con la desaparición de su sistema de prestaciones sociales, cobertura y cobro de pensiones.

En la carta que han enviado a todo el censo se asegura textualmente que «en estas negociaciones están en juego cuestiones como la cotización o la pensión de jubilación. Sin embargo, sólo están sentados en la Mesa la Administración, CC.OO., UGT y la CEOE». Van incluso más lejos al afirmar que este Régimen desaparecerá en dos o tres años, y hasta entonces, la cotización se incrementará en un ciento por ciento. Así, plantean a los agricultores y ganaderos la siguiente cuestión: ¿podrás hacer frente a este incremento?

Así, la COAG, que se autodenomina

Organización Profesional Agraria? invita a los agricultores y ganaderos a rellenar una ficha que se dirigirá a la Administración con el único fin de lograr sentarse junto a la Administración, ASAJA y sindicatos de clase.

La gravedad de estas intoxicaciones y calumnias ha provocado que todos los agentes sociales, que forman parte de este grupo de trabajo, es decir, todo el sector, haya tenido que dirigirse a sus socios y afiliados para desmentir tal barbaridad.

ASAJA, que representa al sector en esta Mesa de trabajo desde su creación, hace un llamamiento a la tranquilidad y garantiza al sector agrario que este Régimen lejos de desaparecer se va a mantener, y como Organización Profesional Agraria va a trabajar para mejorarlo.

El grupo de trabajo del REASS se constituyó tras la firma del acuerdo sobre Política de Inversiones y Empleo en el sector agrario, suscrita en noviembre de 1996. Desde entonces la integran la Administración, ASAJA en representación de los profesionales del sector, y los sindicatos CC.OO. y UGT, por parte de los trabajadores del campo.

Hasta la fecha, se han mantenido diversas reuniones para analizar el funcionamiento de este Régimen y estudiar, si cabe, la introducción de mejoras. En ningún caso se ha planteado la equiparación al Régimen General o su eliminación.

ASAJA Nacional

Editorial feito público en marzo de 1999 por Asaja na súa publicación Campo Regional

UNIÓN, 3

EDITORIAL

Febrero, 1999

NO PELIGRA EL RÉGIMEN ESPECIAL AGRARIO DE LA SEGURIDAD SOCIAL (REASS)

Los agricultores y ganaderos de Castilla y León han vuelto a ser objeto de una campaña de desinformación y calumnias de la organización Coag, en este caso sobre el futuro Régimen Especial Agrario de la Seguridad Social (REASS).

La lamentable forma de actuar de esa organización enviando cartas a los domicilios de los agricultores y ganaderos asegurando que este Régimen iba a desaparecer responde al único objetivo de engañar y atemorizar a los profesionales del sector de una manera ciertamente lamentable. Así lo han confirmado y denunciado amplios sectores sociales de nuestro país.

Sin embargo este hecho es muy grave y no puede pasar desapercibido, teniendo en cuenta que el propio Gobierno a través del Ministerio de Trabajo ha desmentido rotundamente que se vaya a suprimir el Régimen Especial Agrario de la Seguridad Social (REASS). No tiene otra posible lectura; esa organización ha mentido a todo el sector con el único fin de integrarse en la Mesa de negociación del REASS, en la que por sus actos, dan muestras evidentes del porqué

no se encuentran representados en un foro tan importante y donde están en juego los intereses del sector.

No es de recibo y no podemos consentir que para conseguir un objetivo como ese haya gente capaz de enviar escritos a todos y cada uno de los agricultores y ganaderos de Castilla y León asegurándoles con tremenda desfachatez que ese régimen va a desaparecer. Pero como dice el dicho "se coge antes a un mentiroso que a un cojo" y la alarma que han pretendido crear en el sector engañando a diestro y siniestro ha chocado de frente y sin ningún miramiento contra el Ministerio de Trabajo, que ha puesto a cada uno en su sitio, reiterando que no desaparecerá el sistema de prestaciones sociales ni la cobertura y cobro de pensiones, ni nada por el estilo.

Así pues y para que no haya malos entendidos esas falsedades que ha padecido todo el sector no las saca a la luz sólo la UPA, también y sobre todo lo desmiente el propio Gobierno de la Nación.

La única realidad constatable es que sentados en la mesa se encuentran única y exclusivamente la Administración, UPA, los

sindicatos de clase y la CEOE. Lo demás son mentiras y barbaridades que deberían sonrojar a más de uno que se autocalifica como defensor de los intereses del sector.

Es más, UPA, como organización que representa al sector en esta Mesa de trabajo desde estas líneas quiere apagar esa posible intranquilidad que hayan podido levantar las mentiras antes mencionadas, y en todo caso el Régimen Especial Agrario de la Seguridad Social lejos de desaparecer está intentando mejorarse, si cabe aún más, para que todos los agricultores y ganaderos podamos beneficiarnos de ello.

UPA sigue trabajando para mejorar un REASS que podemos decir que está consolidado, y no cejamos en nuestro empeño de mantener los encuentros y reuniones que sean necesarias para introducir mejoras, pero nunca para equipararlo al Régimen General o por supuesto para eliminarlo.

Hay quien ha dicho en torno a este asunto que para figurar hay quien engaña y atemoriza a los agricultores y ganaderos. En este caso es lo que ha ocurrido y es necesario que el conjunto del sector lo sepa para saber donde está cada cual.

UPA (Unións Agrarias), no seu periódico de febreiro de 1999, atacou á COAG, que advertía do perigo de supresión do REASS